

SUPER NATURAL

Jorge Jácome, 2022

1075

ESTREA EN NUMAX: 06.03.2023 | V.O.S.P. | +12 | 85 min

Filmado en Madeira cun grupo de teatro de persoas con e sen discapacidades, este ensaio iridicente é unha ollada lúdica ao que significa estar encarnado. Están os corpos algunha vez libres do seu entorno? Onde remata o corpo e comeza outro?

«Pode que esteamos contemplando un intre transformador do que é o cinema»

Teresa Vieira, CINEUROPA



Un ecosistema poético

Por Teresa Vieira

É xusto dicir (ou supoñer) que a maioría das persoas anhelan conexións reais: con outros seres humanos, con elementos do mundo (non)natural ou con obras de arte. Desde o comezo, a primeira longametraxe de Jorge Jácome, *Super Natural*, gañadora do premio FIPRESCI na sección Forum da Berlinale, preséntase como unha invitación libre ao espectador, para conectar cunha experiencia cinematográfica única. Despois dunha secuencia de dous minutos dominada por un baleiro visual, entramos nun portal de estímulos sensoriais abstractos e cheos de cor, que poderíamos usar a diario para satisfacer todas as nosas necesidades meditativas. Así é como comeza todo (incluído este filme): abrimos a porta do noso subconsciente, nun estado aparentemente contradictorio de pura inmersión, sentimos unha intensa sensación de identidade e unha poderosa conexión coa experiencia na que estamos a piques e somerxernos.

Super Natural é un traballo colaborativo creado por Jorge Jácome, a compañía de baile Dançando com a Diferença e a compañía de teatro Teatro Praga, que retrata visualmente as paisaxes de Funchal, en Madeira. Seguimos a estes bailaríns na súa exploración das posibilidades de movemento dentro do territorio, así como os seus xestos atentos cara os detalles máis pequenos do mundo que os rodea. A sublime fluidez de ditas coreografías humanas está acompañada por un enfoque visual que cambia de formato constantemente. Trátase dunha experimentación constante co potencial visual de diversas estéticas: desde as imaxes de Instagram ata o formato Super 8. É un concepto que facilmente podería saír mal, pero neste caso temos a sensación de ser testemuñas dun verdadeiro exemplo de xenialidade. Isto débese en gran parte á mirada de Marta Simões como directora de fotografía e ás habilidades de Jorge Jácome como editor. Hai unha sensación de harmonía nas discrepancias e as alteracións dos formatos que resulta próxima e viva.

Nesta traxectoria non lineal, apoiámonos nunha voz non humana que nos guía nunha viaxe que vai máis alá do terreal, cara os territorios descoñecidos da mente, da identidade e do noso propio mundo. É un elemento formal que lembra á última curtametraxe de Jácome, *Past Perfect* (2019). Neste caso, hai unha sensación absolutamente presente, que provén de engadir son aos subtítulos. Aínda que chega a resultar demasiado presente (xa que o texto é ás veces un pouco repetitivo e esixe a atención do espectador), esta voz non humana engade outra capa que contribúe á constante expansión do espazo visual: viaxamos en diferentes dimensións dentro e fóra do filme, xa que a propia voz cambia o seu punto de vista e vai que non teñamos claro quen nos está falando exactamente (aínda que iso é parte da maxia). É un desafío que aceptamos voluntariamente neste ecosistema poético, que nos permite ampliar e reflexionar sobre unha multitude de temas comúns a toda a humanidade.

Merece a pena aceptar este convite cinematográfico a unha experiencia doutro mundo. É posible que esteamos contemplando un momento transformador do cinema. Unha aberta sensorial (e sobrenatural) chea de contradicións, emocións, paisaxes con distintas capas e pensamentos que constrúen unha conexión real e duradeira coa súa audiencia.